

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 7 DE ABRIL DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

- Proxecto de Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Adaptación da estrada AC-301 ao Plan de Baixa Intensidade Media Diaria Mellorada, no municipio de Rois, (Clave: AC/08/070.02).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se adapta a normativa vixente en materia de prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se instrumenta a avaliación da aplicación e desenvolvemento da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de decembro do 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Xunqueira de Ambía, para executar dúas intervencións de acondicionamento dos ámbitos da Praza do Campo e do Canellón de Concepción Arenal, por importe de trescentos corenta e un mil trescentos setenta e tres euros con oitenta e sete céntimos (341.373,87 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Muíños, para realizar as obras de "Acondicionamento de espazos públicos en Mugeimes", por importe de cento noventa e nove mil oitocentos corenta euros (199.840,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de San Cibrao das Viñas (Ourense), para a construción dun centro verde, por importe de novecentos setenta e oito mil cincocentos cincuenta e seis euros con trinta e catro céntimos (978.556,34 euros).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de San Cibrao das Viñas (Ourense), para a construción dun punto limpo, por importe de catrocentos doce mil novecentos noventa e tres euros con setenta e un céntimos (412.993,71 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co Concello de Lalín para a execución da obra: "Rede xeral de saneamento á parroquia de Soutolongo. Concello de Lalín (Pontevedra)", CLAVE OH.336.978, por importe de douscentos oitenta mil trinta e tres euros con corenta e oito céntimos (280.033,48 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se adoptan as Directrices de ordenación do territorio aprobadas definitivamente mediante o Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, como Directrices estratéxicas territoriais de ordenación rural da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 12 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a execución da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal. Balance 2010.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre reorganización da Xunta de Galicia en materia de infraestruturas.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia das “obras de dragaxe na bocana da dársena interior do porto de Foz” (Lugo).

A NOVA LEI DE PATRIMONIO INTEGRARÁ TODO O SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO E GARANTIRÁ UNHA XESTIÓN ÚNICA E MÁIS EFICIENTE

- *Esta norma actualiza a lei autonómica de 1985 e adáptase a preceptos básicos estatais*
- *Controlarase o patrimonio dos entes instrumentais, que só poderán vendelo se non é necesario para a Administración Xeral*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de patrimonio de Galicia que por primeira vez integrará todo sector público autonómico, xa que ata o momento só se aplicaba á Administración xeral, e garantirá unha xestión única e máis eficiente do patrimonio da comunidade.

Esta norma, elaborada pola Consellería de Facenda, actualiza a lei autonómica de 1985 á realidade dos tempos e ao tamaño da Administración autonómica, ademais de adaptala a preceptos básicos estatais. A filosofía que a inspira formula a idea de patrimonio único e xestión integrada.

Desta maneira, haberá un control sobre o patrimonio dos entes instrumentais, que só poderán vendelo no caso de que non sexa necesario para os fins da Administración Xeral da Comunidade galega. Ademais, a Consellería de Facenda deberá emitir un informe favorable antes que adquiren ou aluguen algún inmovible.

Por outra banda, as actuacións que supoñan a construción ou reforma dun inmovible terán que incorporar un certificado relativo á súa plena dispoñibilidade co fin de garantir que ten a situación patrimonial regularizada e para evitar situacións conflitivas e contrarias aos intereses da Administración autonómica.

Aforro de 1,2 millóns de euros no pagamento de alugueiros

A Xunta de Galicia leva realizado desde que comezou a lexislatura, hai dous anos, unha política de racionalización dos alugueiros da Administración autonómica.

As accións principais que se están executando consisten en aproveitar ao máximo as dependencias propias e tentar eliminar todos os alugueiros que sexa posible, revisando os importes que se están a pagar polos que son estritamente necesarios. Esta última actuación permitiu rebaixar a media de pagamento nun 20%.

A XUNTA INICIA O PROCESO EXPROPIATORIO PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE MELLORA DA ESTRADA AC-301 (PADRÓN-AUGASANTAS) NO CONCELLO DE ROIS

- *A Consellería de Medio Ambiente levará a cabo un investimento de máis de 2,5 millóns de euros*
- *A estrada ten unha lonxitude de 8,6 quilómetros, constando dúas zonas claramente diferenciadas, a travesía de Rois, cunha intensidade media diaria de 5.033 vehículos ao día, e o resto do treito, cunha intensidade de 1.249*
- *Este proxecto suporá a mellora das interseccións: do trazado para rectificar as curvas, reducindo consecuentemente os tempos de percorrido; e a creación de carrís centrais de espera e vías de aceleración e deceleración*
- *Esta obra licitarase antes do verán do ano 2011, a través da Sociedade Pública de Investimentos (SPI)*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, tras a aprobación hoxe do decreto de utilidade pública na reunión do Consello da Xunta, dispuxo o inicio do proceso expropiatorio dos bens e dereitos afectados pola adaptación da estrada AC-301, concretamente entre Padrón (N-550) e Augasantas (Deputación) ao plan de IMD mellorada no municipio coruñés de Rois. Esta actuación ten como obxectivo principal alargar e acondicionar esta vía, que se encadra dentro da rede primaria Complementaria da Xunta de Galicia, co fin de mellorar a súa seguridade viaria, co que se evitan riscos innecesarios para os veciños do municipio coruñés, que empregan esta estrada para acceder aos servizos públicos, así como as súas vivendas, tanto na zona urbana como na rural.

Para iso, o executivo autonómico levará a cabo un investimento de máis de 2,5 millóns de euros para a execución destas obras de mellora, incluídas no Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica (MOVE), beneficiando, de forma directa, os máis de 15.000 veciños dos concellos de Padrón e Rois. Esta obra licitarase antes do verán do ano 2011, a través da Sociedade Pública de Investimentos (SPI)

Esta estrada ten unha lonxitude de 8,6 quilómetros, concretamente dende o pq 2+340 ata o pq 10+920, constando dúas zonas claramente diferenciadas, a travesía que discorre polo núcleo de Rois, cunha IMD de 5.033 vehículos ao día, e o resto do treito que presenta características rurais, cunha intensidade de 1.249. O tramo desde o quilómetro 1 ata o 2,3 xa está acondicionado.

Características técnicas

Este proxecto suporá a mellora das interseccións: do trazado para rectificar as curvas, reducindo consecuentemente os tempos de percorrido; e a creación de carrís centrais

de espera e vías de aceleración e deceleración. Ademais, optimizarase a visibilidade, actualizarase a sinalización horizontal e vertical.

Para efectuar esta obra será necesario proceder ao á roza e á limpeza de case 45.000 metros cadrados; e levar a cabo unha escavación de máis de 60.000 m³. Empregaranse 13.552 toneladas de formigón bituminoso, mellorarase a iluminación, a xardinaría; e a drenaxe lonxitudinal e transversal.

As actuacións tentan proporcionar unha maior seguridade tanto aos peóns como aos vehículos, para iso, adoptaranse medidas como melloras das interseccións, mediante a disposición de cuñas ou carrís; a disposición de 10 puntos de cambio de sentido; e aparcadoiros.

Ademais, instalaranse marcas viais laterais con resaltes e barreiras de seguridade. Tamén se rehabilitará a capa superficial de firme, dotando a estrada dunha rodadura con mestura descontinua de elevada macrotextura, ofrecendo así maior durabilidade e mellor comportamento fronte á auga.



MOVE

O Goberno galego, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, está a facer un importante esforzo orzamentario en seguridade viaria e conservación, que constitúen máis dun 26% do orzamento total do plan.

Durante este mesmo ano, destinaranse 51,1 millóns de euros, dos cales 34,2 serán para medidas de conservación e case 17 para actuacións de seguridade viaria, unha cifra que supón case un 20% do total de investimentos da Dirección Xeral de Infraestruturas, polo que este orzamento é unha clara mostra da preocupación do executivo autonómico pola seguridade e pola mellora das vías galegas.

Grazas a nova planificación recollida no Plan Move, a Xunta garante a execución das 12 autovías recollidas neste plan e da práctica totalidade das vías de altas prestacións nos prazos comprometidos e sen reducir os seus investimentos, malia crise económica e os recortes orzamentarios.

A XUNTA ELABORA UN DECRETO PARA AXILIZAR A TRAMITACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS

- *Adáptase a normativa en materia de talleres de reparación de vehículos automóbiles á normativa europea*
- *A tramitación necesaria para a prestación destes servizos realizarase telematicamente*
- *Nestes trámites inclúese a declaración de responsabilidade para os titulares dos talleres de reparación de vehículos automóbiles, mediante a cal os titulares declaran que cumpren a lexislación*
- *Para completar as actuacións do Goberno galego neste eido, a Consellería de Economía e Industria tamén está a traballar na elaboración do primeiro plan de inspección de Galicia en materia de seguridade industrial*

O consello da Xunta de Galicia deu hoxe o seu visto e praxe ao proxecto do decreto polo que se regula a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes. A norma está orientada á axilización administrativa na obtención da habilitación para exercer esta actividade profesional e a proporcionar un contorno máis favorable e transparente mediante a implantación da tramitación telemática.

Deste xeito, adáptase a normativa en materia de talleres de reparación de vehículos automóbiles á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello. A tramitación necesaria para a prestación dos servizos realizarase telematicamente antes de 12 meses desde a entrada en vigor do decreto, co obxectivo de axilizar este procedemento.

Ademais, nestes tramites inclúese a declaración de responsabilidade para os titulares dos talleres de reparación de vehículos automóbiles, mediante a cal os titulares declaran que cumpren a lexislación de aplicación e que van desenvolver os seus servizos de conformidade coa dita lexislación.

Pola súa vez, elimínanse barreiras formativas para o persoal do sector, que a partir de agora poderá traballar ao abeiro das súas titulacións, sen ter que acudir a outras entidades autorizadas.

Ademais, para completar as actuacións do Goberno galego neste eido, a Consellería de Economía e Industria está a traballar na elaboración do primeiro plan de inspección de Galicia en materia de seguridade industrial, en colaboración coa Asociación Galega de Organismos de Control Autorizados.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN REGULA POR PRIMEIRA VEZ O FUNCIONAMENTO OS CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- *Desta forma dáse resposta ás características singulares destes centros*
- *Este ROC únese ademais aos 3 xa aprobados para as escolas oficiais de idiomas de Galicia, para os conservatorios de música e danza e para as escolas de arte e superiores de deseño*

A Consellería de Educación dotará por primeira vez os 11 Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP) dependentes da Consellería dun regulamento adaptado ás súas características específicas. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao Regulamento Orgánico de Centro (ROC) destes CIFP, unha tarefa pendente desde que se crearan polo Decreto 266/2007, do 28 de decembro.

Realidade socioeconómica

Ao abeiro deste regulamento os CIFP poderán por en marcha dinámicas de funcionamento e organización propias, de acordo coas súas necesidades particulares. Neste sentido, os centros dótanse dunha estrutura interna, distribuída en áreas funcionais, que lles permite afrontar os seus fins e as súas funcións para mellorar as relacións coa comunidade do seu contorno.

Neste sentido, este regulamento ten en conta que os CIFP deben funcionar en consonancia coa realidade socioeconómica da área do centro, as expectativas da cidadanía, as demandas de formación e as perspectivas de desenvolvemento económico e social, coa finalidade de realizar unha oferta que dea resposta ás necesidades de cualificación profesional dos sectores produtivos galegos. Non en balde, os centros integrados de formación profesional constitúen institucións ao servizo da cidadanía e do sector produtivo, que deben contribuír á cualificación e recualificación das persoas, acomodándose ás súas expectativas profesionais.

Estrutura funcional

Entre as principais novidades do decreto está a determinación da estrutura interna dos CIFP, para os que se diseña unha organización distribuída en tres áreas funcionais, para afrontar os fins e as funcións propias destes centros, mellorar as relacións coa comunidade e co ámbito produtivo e fomentar as relacións e o intercambio de experiencias entre os centros integrados.

Deste xeito, haberá unha área de calidade, innovación e orientación profesional que, ademais de ter competencias nas devanditas materias, se ocupará da formación do profesorado, da xestión dos programas internacionais, da relación con empresas,

entidades, asociacións e outras institucións. Ademais, será a encargada da organización e da xestión dos procedementos para a obtención dun título de formación profesional por vías de aprendizaxe non formais e de calquera outra proba que a consellería competente convoque.

Respecto da estrutura restante, a área de formación terá responsabilidades na organización e na xestión das actividades formativas e do persoal docente do centro integrado; mentres que a área de administración e xestión se ocupará da administración e da xestión económica, administrativa, de material, de prevención de riscos laborais e de persoal non docente do centro integrado.

Aposta pola FP

Por outra banda, este ROC constitúe un paso máis na estratexia de posta en valor da FP que está a desenvolver a Consellería de Educación. Neste marco, o pasado ano foi aprobado o Decreto para a regulación da FP en Galicia, que establece a estrutura, organización e regulamentación xeral da FP do sistema educativo, e as directrices que deben cumprir os currículos dos diferentes ciclos formativos no ámbito da Comunidade Autónoma, respondendo ás necesidades dos seus sectores produtivos.

Ademais no que vai lexislatura Educación adaptou ás exixencias da Lei das cualificacións profesionais 28 ciclos formativos nesta lexislatura e harmonizou con eles outros 6 xa modificados polo goberno anterior.

Así son xa 4 os ROC aprobados lo que vai de lexislatura, xa que a Consellería de Educación vén dotou por primeira vez de regulamentos específicos as escolas oficiais de idiomas, conservatorios de música e danza, e escolas de arte e superiores de deseño, o que supón darlles un instrumento indispensable para a organización e funcionamento dos centros de ensinanza de réxime especial, que ata o de agora tiñan que traballar, como norma supletoria, co regulamento dos IES.

A ADAPTACIÓN NORMATIVA DA XUNTA Á DIRECTIVA DE SERVIZOS REDUCIU UNS 70 TRÁMITES DIARIOS A PEMES, PROFESIONAIS E EMPRENDEDORES

- *A Directiva de Servizos é unha norma de revisión e mellora permanentes polo que a Xunta avaliará anualmente a súa aplicación e desenvolvemento*
- *A ausencia dunha normativa estatal precisa no eido dos servizos profesionais e da colexiación impídelle á Xunta de Galicia avanzar máis nunha reforma integral nese eido, imprescindible para dinamizar a nosa economía*

O despregamento efectuado pola Xunta de Galicia mediante a adaptación da súa normativa permitiu reducir drasticamente as cargas administrativas das PEME, dos profesionais e dos novos emprendedores. Así, respecto da media do trienio 2007-2009, deixáronse de tramitar 24.505 solicitudes anuais de autorizacións -é dicir, unha media de 67 ao día-, xa que agora abonda cunha mera declaración ou comunicación para iniciar as actividades empresariais ou profesionais.

Así o revela un acordo polo que se instrumenta a avaliación do desenvolvemento e aplicación da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos servizos de mercado interior, presentado esta mañá no Consello da Xunta de Galicia. No dito documento obsérvase un avance significativo no obxectivo prioritario da directiva: eliminar barreiras legais e administrativas nos servizos.

A directiva servizos, ao ser unha norma prevalente, transversal, de proceso de revisión e mellora permanentes das normas e prácticas administrativas, e que instaura obrigas de resultado, ten que proseguir coa adaptación de normas regulamentarias e co seu contraste no que atinxe a novos proxectos normativos que poña en marcha o Goberno galego.

Deste xeito, a Xunta de Galicia avaliará anualmente con carácter xeral e integrado a aplicación e desenvolvemento da directiva de servizos, logo da avaliación singularizada de cada unha das consellerías do Goberno.

Servizos profesionais e colexiación

Actualmente, a ausencia dunha normativa estatal básica -malia os múltiples anuncios en prensa da súa inminente aprobación- no eido dos servizos profesionais e da colexiación, fundamentais para a mellora da competitividade, impídelle á Xunta de Galicia acometer unha reforma integral neste eido, é dicir, non pode avanzar no seu traballo pola inseguridade xurídica xerada a causa do atraso da reiteradamente anunciada norma estatal.

Neste sentido, hai que lembrar que a propia Administración central, nunha disposición transitoria da Lei ómnibus estatal, autoadxudicouse un prazo de un ano para remitir ás Cortes Xerais un proxecto de lei que determine as profesións para cuxo exercicio é obrigatoria a colexiación, logo de consulta ás comunidades autónomas.

Este prazo expirou o pasado 27 de decembro sen que ao Goberno galego teña chegado ni tan sequera un borrador de tal lei. Non obstante, o Goberno central si interpuxo un recurso de inconstitucionalidade contra a reforma da Lei galega de colexios profesionais.

MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 340.000 EUROS NAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DO CAMPO E OUTROS ESPAZOS DO CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA, EN OURENSE

- *O proxecto, que foi redactado por César Portela, enmárcase dentro da primeira fase do Plan Especial de Rehabilitación dos Espazos Públicos no Núcleo Histórico de varios concellos de Ourense*
- *O obxectivo destas obras será a posta en valor da Capela de San Pedro, xa que se trata dun lugar catalogado como ben histórico artístico, configurando un pequeno adro de recepción fronte a esta, así como a recuperación da fonte e o cruceiro*
- *Outra das actuacións será no ámbito do canellón de Concepción Arenal, no que se levará a cabo a pavimentación e a recuperación das lousas de pedra da rúa Colón que dá acceso á zona*
- *O proxecto forma parte do Plan Hurbe, cuxa finalidade é humanizar as vilas, as grandes e as pequenas que máis o precisen, atendendo á realidade sociodemográfica de cada unha delas*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Xunqueira de Ambía, en Ourense, para levar a cabo as obras de acondicionamento da praza do Campo e outros espazos do concello. Esta actuación, que foi redactada polo arquitecto César Portela, enmárcase dentro da primeira fase do Plan Especial de Rehabilitación dos Espazos Públicos no Núcleo Histórico de varios concellos de Ourense para o que se investiu máis dun millón de euros.

Así mesmo, esta actuación foi comprometida polo propio conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, o pasado 24 de marzo, na sinatura dos 10 protocolos de actuación para a posta en valor do patrimonio público dos concellos de Toén, Muíños, San Cristovo de Cea, Xunqueira de Ambía, San Amaro, Laza, O Irixo, Cualedro, Boborás e Sarreaus. Os protocolos asinados prevén a recuperación de espazos públicos ou de lugares situados na parte máis tradicional dos núcleos. O Concello de Xunqueira de Ambía é o que recibe a maior dotación, con 341.400 euros de achega.

Obras que se levarán cabo

O obxectivo destas obras será a posta en valor da Capela de San Pedro, xa que se trata dun lugar catalogado como ben histórico artístico no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello. Neste lugar levarase a cabo a construción dun pequeno adro de recepción fronte a esta así como a recuperación da fonte e o cruceiro. Desta forma, tratarase de relacionar varios elementos histórico-artísticos dando unidade espacial ao conxunto de praza. Ademais disto, adecuaranse os

elementos urbanos de vexetación, mobiliario e sinalización. Finalmente, adecuarase o tráfico rodado actual ás peculiaridades da zona limitando a velocidade e ordenando as áreas destinadas a aparcadoiro.

Outra das actuacións será no ámbito do Canellón de Concepción Arenal, no que se levará a cabo a pavimentación e a recuperación das lousas de pedra da rúa Colón, que dá acceso á zona. Antes da pavimentación, levarase a cabo unha actuación especial na escalinata que conecta a rúa Colón co canellón de Concepción Arenal que permitirá acondicionar o acceso a esta zona. Finalmente, será preciso adecuar o acceso ás casas para nivelar os edificios á pavimentación da calzada.

Rematados os traballos, será necesario integrar os servizos de saneamento e iluminación ás obras, soterrando as instalacións comúns, ou prever as conducións necesarias para o seu futuro soterramento.

Obrigas da Consellería e do Concello

A Consellería de Medio Ambiente investirá preto de 341.400 euros neste proxecto. A achega farase en dúas anualidades; serán 200.000 euros neste ano e 141.373 euros no 2011. Ademais disto, fará inspeccións periódicas tanto durante a execución como ao remate das obras.

Pola súa parte, o Concello da Xunqueira de Ambía redactará o proxecto das obras, deberá obter os permisos e licenzas necesarias para a súa execución así como levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras. Ao seu remate, o concello deberá comunicar á secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a data de recepción destas así como os xustificantes dos gastos. O prazo para presentar a documentación será o 30 de novembro en cada anualidade en que se fai a achega. O convenio, a tódolos efectos, rematará o 31 de decembro de 2012.

Esta actuación beneficiará a preto de 1.800 veciños do Concello de Xunqueira de Ambía, en Ourense.

Humanizar as vilas

Esta actuación foi comprometida polo propio conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, o pasado 24 de marzo, na sinatura dos 10 protocolos de actuación para a posta en valor do patrimonio público dos concellos de Toén, Muíños, San Cristovo de Cea, Xunqueira de Ambía, San Amaro, Laza, O Irixo, Cualedro, Boborás e Sarreaus. Os protocolos asinados prevén a recuperación de espazos públicos ou de lugares situados na parte máis tradicional dos núcleos. O Concello de Xunqueira de Ambía é o que recibe a maior dotación.

Así mesmo, estes protocolos enmárcase dentro do Plan Hurbe 2010-2014, que naceu como resposta á necesidade da humanización das vilas de Galicia. Tendo en conta o modelo social de integración cidadá, busca o achegamento dos tecidos urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes. Distínguese como fundamental a colaboración cos concellos como órganos responsables desas áreas, sendo o Plan Hurbe a ferramenta de colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia neste eido. A finalidade perseguida é a de humanizar as vilas, as grandes e as pequenas que máis o precisen, atendendo á realidade sociodemográfica de cada unha delas.

MEDIO AMBIENTE INVISTE PRETO DE 200.000 EUROS NO CONCELLO DE MUÍÑOS PARA ACONDICIONAR OS ESPAZOS PÚBLICOS DO NÚCLEO DE MUGUEIMES

- *Estas actuacións de mellora están enmarcadas no Plan Hurbe*
- *O ámbito sobre o que se actuará ten unha superficie de 3.200 metros cadrados*
- *Dotarase o lugar de espazos de lecer que supoñen puntos de encontro ou de relación para os habitantes desta localidade*
- *Colocaranse lastros de pedra e mobiliario urbano segundo as necesidades que se estimen no proxecto*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Muíños para a execución das obras de acondicionamento de espazos públicos en Mugueimes.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, achega un total de preto de 200.000 euros para estas obras enmarcadas no Plan Hurbe.

Trátase de poñer en valor e mellorar os espazos públicos do núcleo de Mugueimes co obxecto de resaltar e preservar as súas características e elementos arquitectónicos e urbanísticos. Dotarase o lugar de espazos de lecer que supoñen puntos de encontro ou de relación para os habitantes desta localidade de Muíños.

Acondicionaranse dúas zonas situadas na parte máis tradicional do núcleo, punto onde se cruzan moitas rúas. O ámbito sobre o que se actuará ten unha superficie de 3.200 metros cadrados. A superficie de rodaxe cubrirase con pavimento de formigón por medio de lousas lixeiramente armadas por franxas de lastros.

As accións máis destacadas son o movemento de terras, limpeza da zona e apertura da caixa para a colocación da base do pavimento. Colocaranse lastros de pedra e mobiliario urbano segundo as necesidades que se estimen no proxecto.

Plan Hurbe

O acondicionamento de espazos públicos de Mugueimes está enmarcado no Plan Hurbe, proxecto da Consellería de Medio Ambiente aprobado polo Consello da Xunta o 15 de abril de 2010. O fin fundamental deste plan é revitalizar espazos públicos para uso e gozo dos seus habitantes, mellorando a súa calidade de vida.

O Plan *Hurbe* significa ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, axeitando os espazos públicos para buscar unha maior calidade de vida. Trátase do primeiro plan global de mellora de espazos urbanos levado a cabo pola Xunta de Galicia.

Os obxectivos deste plan, que destinará máis de 96 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial, fixando poboación no medio rural.

Co Plan *Hurbe* investiranse 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de rúas e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos.

No programa de equipamentos públicos, a Xunta posibilitará a execución de infraestruturas urbanas, centrándose naquelas de carácter cultural e social tales como auditorios, pazos de congresos ou centros multiusos.

No que se refire á humanización de rúas, potenciarase a mellora da calidade e a seguridade das rúas mediante unha actuación que persiga unha progresión na habitabilidade e un axeitado desenvolvemento comercial e económico. Adáptanse os espazos de tránsito para acadar unha reordenación axeitada dos tráfico rodado e peonil e devólveselles ás rúas a calidade de espazo de encontro e desfrute para os veciños.

A urbanización e mellora de espazos públicos céntrase na adecuación de prazas e outros contornos públicos nos que se detecte unha necesidade de posta en valor. Terase especial coidado con aqueles espazos que teñan interese histórico, artístico ou arquitectónico.

A XUNTA INVISTE CASE 1,4 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO E UN CENTRO VERDE EN SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA FACILITAR A EMPRESAS E CIDADÁNS A CORRECTA XESTIÓN DOS RESIDUOS

- *O centro verde suporá un investimento de case 980.000 euros para levar a cabo a xestión dos residuos industriais, desde a súa recepción ata o seu traslado a xestores finais*
- *A construción do punto limpo conta cun orzamento de 400.000 euros e neste punto limpo poderanse depositar materiais que non se poden tirar nos contedores da rúa, como pilas, fluorescentes, baterías, colchóns e electrodomésticos, entre outros*
- *Estas dúas actuacións están previstas no Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un investimento no Concello ourensán de San Cibrao das Viñas de case de 1,4 millóns de euros para dúas instalacións dedicadas á mellora da xestión de residuos industriais e urbanos deste concello. Trátase dun centro verde e dun punto limpo, que estarán situados en ambos os casos no parque empresarial.

Centro verde

O Executivo autonómico, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, construírá un centro verde, no que se integrarán instalacións capaces de levar a cabo a xestión dos residuos industriais de forma conxunta, desde a súa recepción ata o seu traslado a xestores finais, optimizando así os recursos. O investimento nesta infraestrutura ascende a 978.556 euros.

O centro verde de San Cibrao das Viñas estará situado nunha parcela do polígono industrial desta localidade ourensá, posto que o soar reúne as características exixidas no referente ás necesidades de superficie e cualificación como solo urbano consolidado de uso industrial. Grazas a estas razóns, o impacto que terá sobre a poboación e o ambiente será menor que se estivese en calquera outro lugar do termo municipal.

O novo centro verde encargárase de recibir os residuos non perigosos, clasificalos e separalos segundo a súa natureza, optimizar os custos de recollida, así como do transporte final ata as empresas de reciclaxe ou xestores autorizados para esta tarefa.

Para a clasificación destes residuos instalaranse dous tipos contedores de gran capacidade. Os de 20 m³ servirán para almacenar os residuos de maior volume que

poidan reducir as súas dimensións, como papel ou cartón, plásticos ou embalaxes; e os de 38 m³ servirán para os demais residuos. Ademais disto, instalarase un recinto de almacenamento de pneumáticos fóra de uso.

Por outra banda, instalarase unha caseta que albergará os residuos especiais procedentes da xestión da actividade industrial, pero en ningún caso serán residuos perigosos que procedan da actividade industrial en si mesma. Esta instalación facilitará a recollida de residuos que polas súas características non se poden tirar nos contedores da rúa. Esta caseta contará, ademais, con cinco contedores para distintos usos: fluorescentes, baterías e pilas, tóneres, aceites e disolventes e un contedor para aerosois.

Punto limpo

O Consello da Xunta tamén aprobou un proxecto de acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de San Cibrao das Viñas para a construción dun punto limpo. Esta infraestrutura conta cun orzamento de máis de 400.000 euros, divididos en dúas anualidades, e significará unha mellora na xestión dos residuos neste municipio.

A achega económica para esta actuación iniciárase este mesmo ano con 275.329,14 euros e outra cantidade no ano 2012 con 137.664,57 euros.

Concretamente, as instalacións do punto limpo sitúanse no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas e para a súa construción será necesario levar a cabo movementos de terras; a urbanización e axardinamento da zona; construción das instalacións xerais; unha caseta de recepción; dous almacéns: un de residuos especiais e outro de aparellos eléctricos e electrónicos; colectores; protección contra incendios; o peche perimetral e os accesos e sinalización.

Esta acción ten un prazo de execución de 3 meses e supón a construción dunha instalación onde se depositarán aqueles materiais que, polas súas características, non se poden tirar nos contedores da rúa, tales como pilas, fluorescentes, baterías, colchóns e electrodomésticos, entre outros moitos. Así mesmo, poténcianse accións como a recuperación e reciclaxe; evitar a vertedura incontrolada de entullos e voluminosos; e lograr almacenar, en condicións de seguridade e saúde, os residuos perigosos co fin de protexer o medio ambiente.

Instalacións necesarias

Na actualidade, no termo municipal de San Cibrao das Viñas, non existe ningún tipo de infraestrutura que facilite nin aos veciños nin ás empresas existentes no Polígono

Industrial, Polígono Comercial Barreiros ou Parque Tecnolóxico de Galicia, os traballos correspondentes ás recollidas selectivas de lixo ou de residuos procedentes dos distintos traballos das empresas. Tendo en conta que a poboación municipal se sitúa arredor de 5.000 habitantes e que as distintas áreas industriais superan os 5.000.000 m², é necesario a creación tanto dun centro verde coma dun punto limpo.

Estas dúas actuacións están previstas no Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia.

Mellor calidade vida

Con este tipo de actuacións, o departamento que dirixe Agustín Hernández está a destinar recursos para distintas obras que teñen como obxectivo principal a mellora da calidade de vida dos cidadáns galegos e, ao mesmo tempo, protexen o ambiente.

A Xunta de Galicia mantén unha aposta clara e definitiva por unha adecuada valorización dos residuos sólidos urbanos (RUS) e traballa co fin de implicar neste propósito os concellos galegos.

O Executivo autonómico tamén trata de potenciar o principio de proximidade, para facilitar a xestión do sistema integral aos concellos, con todas aquelas medidas que lles permitan abaratar os seus custos de transporte.

Grazas a esta política de actuacións, Galicia sitúase na vangarda no referente ao tratamento de residuos, ao dispoñer dunha sistemática xestión integral, consolidada e sustentible dentro do territorio nacional e comunitario que, coas infraestruturas dispostas nestes momentos, garante o peche do ciclo iniciado coa recollida fraccionada en orixe.

Esta progresiva incorporación dos concellos galegos a un adecuado tratamento dos seus residuos permitiu acometer accións como estas, que logran unha restauración dos espazos ocupados polos antigos vertedoiros.

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 280.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DA PARROQUIA DE SOUTOLONGO, NO CONCELLO DE LALÍN

- ***A rede proxectada acada unha lonxitude de 3.697 metros e será necesario instalar 80 pozos de rexistro***
- ***Os núcleos de poboación beneficiados son Vista Alegre, Soutolongo De Abaixo e Des***
- ***A Consellería de Medio Ambiente establece un prazo de execución dun ano para estas actuacións de saneamento***
- ***O Goberno galego, mediante a colaboración técnica e financeira en obras deste tipo, pretende resolver carencias en infraestruturas, neste caso hidráulicas, dos concellos galegos***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Lalín para a execución da rede xeral de saneamento á parroquia de Soutolongo.

A Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, realiza un investimento económico de máis de 280.000 euros nestas obras hidráulicas.

A actuación consiste na instalación dun colector principal e un ramal que por gravidade conectan coa rede de Pontenova que conduce as augas residuais á depuradora situada no polígono de Botos.

A rede proxectada acada unha lonxitude de 3.697 metros e dá servizo a unha poboación de 146 habitantes dos núcleos de Vista Alegre, Soutolongo De Abaixo e Des que na actualidade realizan o saneamento de forma autónoma en fosas sépticas ou vertedura a rúas ou cunetas.

A condución parte do núcleo de Vista Alegre, polas dúas marxes da estrada que une Lalín e Folgoso (PO-534). Posteriormente converxen e continúan por unha marxe durante 500 metros. Á altura do núcleo de Pazo desvíanse pola PO-200 ata a conexión coa rede existente nun pozo de bombeo na Pontenova. En total, serán necesarios 80 pozos de rexistro e 153 metros cúbicos de formigón.

A Consellería de Medio Ambiente establece un prazo de execución dun ano para estas actuacións de saneamento.

O Goberno galego, mediante a colaboración técnica e financeira en obras deste tipo, pretende resolver carencias en infraestruturas, neste caso hidráulicas, dos concellos galegos. Deste xeito, proporciónanse recursos para mellorar a calidade de vida dos

cidadáns, potenciando o desenvolvemento económico e social dos municipios da comunidade.

A XUNTA ADOPTA AS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO COMO REFERENCIA PARA A PLANIFICACIÓN DOS INVESTIMENTOS DA LEI DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- *O Consello da Xunta acordou, no marco do desenvolvemento da Lei de desenvolvemento sostible do medio rural, establecer as Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas polo Goberno Galego, como referencia de planificación e ordenación territorial na Comunidade Autónoma*
- *Búscase que as actuacións e investimentos derivados da aplicación en Galicia da Lei 45/2007 orienten a localización territorial das actuacións e investimentos e favorezan a compatibilidade das actuacións que se leven a cabo en cada zona rural de acordo coas súas características*
- *Galicia conta esta vez cun instrumento de planificación no medio rural deseñado especificamente para estes fins*

O Consello da Xunta adaptou hoxe as Directrices de ordenación do territorio (DOT), aprobadas polo Goberno Galego, como referencia para a planificación dos investimentos previstos na Lei estatal de desenvolvemento sustentable do medio rural.

A Lei estatal 45/2007, do 13 de decembro, de desenvolvemento sustentable do medio rural prevé no seu articulado a fixación dun instrumento de referencia que de coherencia territorial ao conxunto das actuacións previstas na Comunidade Autónoma, coa vista posta na orientación da localización territorial das actuacións e investimentos a acometer e favorecendo a compatibilidade dos plans e actuacións que se leven a cabo en cada zona rural en función das súas características.

De acordo coas previsións do artigo 12 da devandita lei, o Consello da Xunta acorda fixar na nosa Comunidade Autónoma as Directrices de ordenación do territorio, establecidas polo decreto 19/2011, do 10 de febreiro e aprobadas pola Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, como referencia de ordenación e planificación territorial para a elaboración dos doce plans de zona, nos que se fixarán o plan de investimentos correspondente para cada área.

A AXENDA DIXITAL DE GALICIA PREVÉ UN INVESTIMENTO EN 2011 DE 196 MILLÓNS DE EUROS PARA INTEGRAR AS NOVAS TECNOLOXÍAS NA ADMINISTRACIÓN E NA SOCIEDADE E IMPULSAR O SECTOR DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

- *A estratexia tecnolóxica global da Xunta púxose en marcha en 2010 para facilitar a inclusión de Comunidade no novo contexto dixital europeo*
- *En 2011 máis do 83% da poboación galega terá acceso á internet*
- *O pasado ano o Plan de Banda Larga da Xunta reduciu nun terzo a poboación sen acceso á internet na Comunidade*
- *No eido educativo no curso 2011/2012 a dixitalización chegará a 600 aulas e 31.500 alumnos*
- *No ámbito xudicial en 2011 completárase a implantación de Lexnet en todos os órganos xudiciais*
- *Este ano entrará en funcionamento o futuro Centro de Proceso Integral de Datos que permitirá un aforro de 3 millóns de euros anuais*
- *No segundo semestre do ano porase en marcha o Centro Demostrador TIC orientado a mellorar a produtividade e competitividade das pemes, micropemes e autónomos a través da introdución das novas tecnoloxías nos seus procesos de negocio*
- *Máis de 12.000 persoas poderán este ano acceder á formación en novas tecnoloxías a través da Rede de aulas CeMIT*

A Xunta de Galicia prevé un investimento en 2011 de 196 millóns de euros en actuacións de impulso ás novas tecnoloxías en diferentes ámbitos da sociedade. Son iniciativas recollidas en 2014.gal Axenda Dixital de Galicia, a estratexia tecnolóxica da Administración autonómica, presentada o pasado mes de xuño, e que ten como obxectivo impulsar a inclusión de Galicia no novo contexto dixital europeo. Así se recolle no informe Balance 2010 e Obxectivos 2011 da Axenda Dixital elaborado pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e presentado hoxe no Consello da Xunta.

O pasado ano o investimento do Goberno galego en materia tecnolóxica elevouse, entre capital público e privado a máis de 248 millóns de euros. En menos dun ano da posta en marcha das medidas da Axenda Dixital, avanzouse na implantación da banda larga, puxéronse en marcha novos servizos de administración electrónica e plans específicos para incorporar as TIC na sanidade, na educación e na xustiza.

Banda larga e vertebración territorial

Unha das actuacións previstas na Axenda Dixital é a extensión de infraestruturas de telecomunicación que permitan a todos os galegos o acceso á internet, contribuíndo a

vertebración territorial da Comunidade. Este é o obxectivo do Plan de Banda Larga 2010-2013 que, en menos dun ano desde a súa posta en marcha, conseguiu reducir nun terzo a poboación sen cobertura.

En 2010 puxéronse en marcha máis da metade das actuacións do Plan de Banda Larga e posibilitando a conexión á internet a 250.000 galegos que carecían deste servizo. En 2011 o plan permitirá que a porcentaxe de galegos con acceso á rede chegue ao 83,60% fronte ao 70% existente en 2009.

Ademais, o plan está a avanzar na implantación das redes máis modernas de telecomunicacións que permiten velocidades de 100 Mbps. Este ano o plan posibilitará o acceso a estas redes a máis de 205.000 habitantes de núcleos de fóra das 7 grandes cidades.

A posta en marcha destas iniciativas está a conseguir que Galicia reduza a fenda interna entre as zonas rurais e urbanas. O ano pasado a diferenza media na dispoñibilidade de acceso á banda larga entre as provincias do interior e as do eixe atlántico pasou dun 20% a un 10% e a previsión é que en 2011 esta porcentaxe diminúa ata un 7%.

Administración eficiente

Na liña de impulsar actuacións eficaces que permitan alcanzar unha maior eficiencia do investimento público, no 2010 púxose en marcha a nova política de centralización de compra de infraestrutura tecnolóxica e software da Xunta de Galicia.

Deste xeito, por primeira vez, mediante a agrupación dos contratos de licenzas de software para as consellerías e organismos dependentes da Xunta de Galicia, conseguíronse mellorar as condicións de compra aforrando unha media do 37% en tres anos e reducindo en preto de 4.500 o número de licenzas ofimáticas grazas ao uso do software libre.

En liña cunha política de austeridade pero de eficiencia no desenvolvemento dos servizos da administración electrónica, a Xunta de Galicia comezou en 2010 a construción do Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI) que entrará en funcionamento este ano. Un CPD que integrará as funcións de 80 CPD existentes ata o de agora na Comunidade Autónoma. O novo Centro de Proceso de Datos Integral, que constituirá o corazón dixital de Galicia, permitirá que a Xunta de Galicia consiga un aforro de máis de 3 millóns ao ano.

As TIC na sanidade, na educación e na xustiza

Outro dos obxectivos da Axenda Dixital de Galicia é avanzar cara a una Administración austera e próxima ao cidadán, adoptando medidas que redunden nunha mellora da calidade de vida dos cidadáns. Por iso, 2014.gal establece unha serie actuacións centradas nas áreas con maior repercusión para a cidadanía como a sanidade, a educación e a xustiza.

En 2010 a implantación da receita electrónica permitiu unha redución de 1,5 millóns de consultas para a renovación das receitas nos centros de saúde, o que supón un 30% de citas menos que en 2009. Foi o ano de consolidación deste sistema que pasou de empregarse en 176 centros a principios de ano a 443 a finais de ano, o 92% do total. Nesta liña cómpre destacar a extensión da historia clínica electrónica ao 100% do persoal médico.

No ámbito educativo, no curso 2010/2011 púxose en marcha o proxecto Abalar que permitiu a dixitalización de 682 aulas de 300 centros educativos de 5º de Primaria e 1º de Educación Secundaria. A día de hoxe 14.500 alumnos galegos contan cun portátil para o desenvolvemento da súa actividade formativa. No curso 2011/2011 o proxecto Abalar chegará a 300 aulas e 31.500 alumnos.

A integración das TIC na xustiza é unha das prioridades do Goberno galego, que con este obxectivo puxo en marcha o pasado ano o Plan Senda 2014. Entre os avances acadados neste eido cómpre destacar que no 2010 se dotaron todas as novas salas de vista de equipamentos de gravación. Por outra banda, e como un paso máis cara o expediente xudicial dixital levouse a cabo a implantación do sistema Lexnet para a presentación telemática segura de escritos, demandas e notificacións entre os órganos xudiciais e os diferentes axentes que participan nunha tramitación xudicial. A finais de 2010 Lexnet estaba operativo en 64 órganos xudiciais da Coruña e durante todo o ano realizáronse 285.000 notificacións telemáticas, o dobre que en 2009. Este ano completárase a implantación de Lexnet en todos os órganos xudiciais da Comunidade.

Administración electrónica

A Xunta está a avanzar tamén no impulso da eAdministración. Así, en 2010 publicouse no DOG o decreto que fixa as bases para o desenvolvemento da futura Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes. Neste contexto púxose en marcha un novo portal corporativo co obxectivo de convertelo na porta de entrada a Administración. A nova web, máis intuitiva, sinxela e accesible ao cidadán recibiu o ano pasado 11 millóns de visitas.

Entre os servizos dispoñibles en liña cómpre destacar os avances na implantación da facturación electrónica que permitiu centralizar e mellorar o control sobre as súas facturas e axilizar os pagamento pendentes. Grazas a posta en marcha deste sistema a Xunta pagou no 2010 aos seus provedores nunha media de 28,85 días, superando o compromiso fixado inicialmente de facelo nun máximo de 45 días. A previsión é que en 2011 a porcentaxe de facturas electrónicas tramitadas pola Xunta chegue ao 50%.

No marco do Plan de Modernización da Administración a Xunta puxo en marcha o Proxecto Kronos de acreditación dixital dos empregados públicos. Unha iniciativa que posibilitará a flexibilidade laboral e o teletraballo dos traballadores da Administración. Ademais levará asociado un novo sistema de control horario universal e homoxéneo. O alcance de Kronos estenderase a preto de 20.000 profesionais do persoal da Administración Xeral da Xunta e da Administración de Xustiza e prevese que estea completado no terceiro trimestre de 2012.

Alfabetización dixital

A Xunta de Galicia puxo en marcha o Plan de Formación 2011 da Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica de Galicia (Rede CeMIT), que recolle unha oferta de máis de 1.000 cursos gratuítos que se impartirán en 89 concellos. Este programa, que chegará ao redor de 12.000 usuarios mediante formación presencial e en liña, constitúe a plasmación da aposta do Goberno galego polo fomento do uso das novas tecnoloxías entre a poboación, tanto entre os colectivos máis afectados pola fenda dixital como entre os profesionais e o ámbito empresarial.

O Plan de Formación 2011 impartirá nas 94 aulas que compoñen a Rede CeMIT un programa dividido en tres áreas: a alfabetización dixital, a formación multimedia e audiovisual e a formación avanzada para os profesionais galegos das TIC, microempresas e autónomos e traballadores da Administración pública.

Impulso da economía do coñecemento

Durante o ano 2010 a Xunta de Galicia levou a cabo diferentes programas de axudas para impulsar o desenvolvemento do sector da economía do coñecemento. En total, a Administración autonómica investiu para este fin preto de 37 millóns de euros, conseguindo mobilizar un capital privado de máis de 42 millóns de euros. Por tanto, un investimento total de case 80 millóns para o desenvolvemento de máis de 350 proxectos tecnolóxicos en Galicia no ano 2010.

No 2010 a Xunta de Galicia puxo en marcha a iniciativa de creación dun Centro Demostrador TIC, que entrará en funcionamento no segundo semestre deste ano. Este centro está orientado a mellorar a produtividade e competitividade das pequenas

e medianas empresas (pemes), micropemes e autónomos a través da introdución das novas tecnoloxías nos seus procesos de negocio. O Centro Demostrador TIC de Galicia está dotado cun investimento de 2,7 millóns de euros.

A XUNTA DE GALICIA MOBILIZARÁ EN MATERIA DE INFRAESTRUTURAS AO LONGO DE 2011 MÁIS DE 300 MILLÓNS DE EUROS, EN VIRTUDE DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DA SPI

- *Con este investimento garántese a execución de importantes infraestruturas, como a Terceira Rolda, o treito Cee-Sardiñeiro, o terceiro treito da vía de alta capacidade Tui- A Guarda (Goián- A Guarda), o enlace de Curro-Enlace de Costa da autovía Curro- Baión*
- *A futura Axencia Galega de Infraestruturas baseará a súa actividade en catro áreas de actuación, entre as que se impulsará a seguridade viaria*
- *Desde a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas sinálase que coa creación da futura Axencia Galega de Infraestruturas garantese un aforro de máis de 1,2 millóns de euros na lexislatura*

A Xunta de Galicia mobilizará un investimento de máis de 300 millóns de euros ao longo de 2011 en materia de infraestruturas, tal e como se recolle no Plan Económico Financeiro da Sociedade Pública de Investimento presentado esta mañá ao Consello da Xunta.


Grazas á mobilización deste investimento a Xunta garante a execución de, entre outras infraestruturas, a Terceira rolda da Coruña, o treito Cee-Sardiñeiro, o terceiro treito da vía de alta capacidade Tui- A Guarda (Goián- A Guarda), o enlace de Curro-Costa da autovía de Curro Baión, así como os albergues de Boimorto, Castroverde, Pontecesures e Carral ou a pista polideportiva cuberta do pavillón da Veiga, en Ourense.

Fusión da SPI e Aceousa


O Consello da Xunta tamén foi informado do proceso de fusión do ente SPI e Aceousa, co fin de que estas entidades tamén pasen a formar parte da Axencia Galega de Infraestruturas, ente que dependerá da Consellería e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Esta fusión, que está prevista que se materialice en mes e medio, estase a levar a cabo mediante a absorción pola SPI da sociedade Aceousa (Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.U), que se atopa integramente participada pola sociedade absorbente. O esquema sería o seguinte:

ESTADO ACTUAL



NOVA ORGANIZACIÓN



A motivación da fusión vén xustificada por un triplo obxectivo: simplificar a xestión administrativa, a través dunha única estrutura organizativa (principio de unidade de xestión e de actuación); o aforro de custos, que se conseguiría evitando duplicidades no cumprimento de obrigas de carácter mercantil e fiscal, como o control da contabilidade, a obriga de realización de auditorías e o resto das obrigas fiscais e mercantís (principio de austeridade); e a integración de equipos humanos de ambas as entidades, para acadar unha optimización no emprego dos recursos humanos (principios de funcionalidade, eficacia e eficiencia).

Desde a Consellería de Medio Ambiente sinálase que o novo esquema organizativo deseñado para a sociedade resultante da fusión optimiza a estrutura organizativa actual. Así mesmo, deseñouse unha protocolarización das funcións a desenvolver e das responsabilidades que se deben asumir en cada posto de traballo e/ou categoría profesional co obxectivo de acadar unha mellor eficiencia e eficacia.

Axencia Galega de Infraestruturas

Outros dos proxectos de optimización da Administración que afectan a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas é a futura Axencia Galega de Infraestruturas. Coa creación da Axencia Galega de Infraestruturas, que se constituirá como una Axencia Pública Autonómica, proponse rematar coa actual situación organizativa composta pola Dirección Xeral de Infraestruturas e os Servizos de Infraestruturas dos departamentos territoriais, dependentes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e por dúas sociedades públicas que dependen da Consellería de Facenda: a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A (SPI), e a Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo- Ourense, S.A (Aceousa). Esta reorganización implicará un aforro de 1,2 millóns de euros na lexislatura.

PORTOS DE GALICIA EXTRAERÁ 10.000 METROS CÚBICOS DE AREA DO ACCESO Á DÁRSENA DE FOZ AO LONGO DESTE MES

- ***A dragaxe urxente foi solicitada polos usuarios do porto debido á situación de inoperatividade ocasionada pola falta de calado e pola situación da zona tras os desperfectos ocasionados polo temporal Becky***

A Consellería do Mar deu conta esta mañá no Consello do Goberno galego da actuación de emerxencia que Portos de Galicia está a levar a cabo na dársena interior do porto de Foz. Trátase dunha dragaxe de area na bocana da dársena, para garantir o calado necesario para a navegación en condicións de seguridade das embarcacións, que ata agora sufrían risco de varado.

A dragaxe executarase durante as vindeiras catro semanas e suporá a extracción duns 10.000 metros cúbicos de area, que permitirán devolver á zona o calado necesario para facilitar o acceso das embarcacións. Os áridos serán transportados a Ortigueira, onde se empregarán na constitución dunha praia urbana, poñendo en valor o material natural.

Os traballos veñen motivados pola situación anómala derivada da perda paulatina de calado na zona, especialmente acrecentada polos temporais como o *Becky* e as condicións meteorolóxicas dos últimos meses, que deixaron en risco de inoperatividade os accesos á dársena. Portos de Galicia vén defendendo a necesidade dunha dragaxe total da zona, porén, e dada a situación actual, decidiuse executar esta actuación parcial, ante a imposibilidade de dragar a totalidade da zona afectada, debido á falta de autorización para un punto de vertedura do total dos residuos.

Na súa recente visita á zona, o presidente do ente público, José Manuel Álvarez-Campana, comprometeu a dragaxe urxente en resposta á solicitude dos usuarios do porto, a confraría e o club náutico. A actuación está orzada en 245.794 euros.